

Bo día a todos e todas, aos veciños e veciñas que nos acompañades hoxe e aos visitantes que temos a honra de recibiros no noso Concello.

Cando hai uns meses nos comunicaron que a letra E do premio "O Escritor na súa Terra" da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega recaía nesta edición en Xosé María Álvarez Cáccamo, e que Pepe, como o chamamos os que temos o honor e a sorte de coñecelo e tratalo, escollera Vilaboa para facer os actos de homenaxe e entrega do galardón, asumimos o reto con ilusión, responsabilidade, compromiso e, sobre todo, con moito agradecemento cara a súa persoa por considerar o noso concello como o seu propio.

Eu, como representante do Concello e en nome propio e de todos os compañeiros e compañeiras da Corporación e, tamén dos veciños e veciñas de Vilaboa, quero expresar a satisfacción que me produce unirme a esta homenaxe por dous motivos:

O primeiro porque é a nosa obriga e a nosa vocación institucional e persoal apoiar todas as iniciativas orientadas a recuperar, a difundir e a pór en valor a literatura na nosa lingua e a cultura galega nas súas máis diversas expresións. Non corren tempos favorables para a nosa cultura e lingua e desde os concellos, os cargos públicos temos que traballar para ser parapetos deses ataques. Todos e todas as que estamos á fronte das administracións e institucións públicas temos que ter presentes que a dignidade política e persoal vén acompañada da defensa da nosa lingua e da nosa cultura. A cultura fainos máis libres, dálle sentido á nosa existencia individual e conforma os sinais de identidade do noso país.

Toda cultura precisa dos seus escritores e escritoras. Na literatura galega temos séculos de creación ás nosas costas, pero tamén temos por diante moitos máis para apoiar a novos escritores e para dar recoñecemento a escritores como Xosé María Álvarez Cáccamo, comprometido coa nosa lingua e cultura e tamén, a través da súa pluma, destaca o seu compromiso cívico coa sociedade galega e en contra do terror franquista, dando a coñecer e denunciando dita barbarie.

Non vou ser eu que faga unha crítica literaria da súa obra porque persoas máis capacitadas e autorizadas así o farán con posterioridade a min. Na súa produción literaria ten obras en narrativa, teatro ou poesía infantil; pero si que me gustaría dicir que Pepe Cáccamo é, esencialmente, poeta; de tal xeito que esta homenaxe que hoxe lle tributamos tamén pode servir de reivindicación dun xénero algo esquecido nuns tempos tan acelerados como os actuais.

O segundo motivo polo que me sumo, nos sumamos gustosos a esta homenaxe, é porque, como xa dixen, Pepe Cáccamo é veciño de Vilaboa, do lugar de Vilar, desde onde el asiste todos os días ao espectáculo singular da poética enseada de San Simón, como moi ben deixou constancia no seu poemario.

Pepe sempre di que se considera vilaboés e da terra, aquí formou a súa familia, aquí naceron os seus fillos Pedro e Antón e aquí leva anos participando na actividade cultural do noso concello.

Como xa fixo referencia o Concelleiro de Cultura no acto anterior, Pepe leva participando activamente connosco durante estes últimos anos para poder poñer en marcha en Vilaboa unha axenda cultural continuada e chea de actividades. Desde o primeiro momento que lle propuxemos participar, non o dubidou e así o fixo sen esperar nada a cambio. Este é parte do compromiso cívico ao que fixen referencia: un compromiso co seu pobo, co seu concello e cos seus veciños e veciñas.

Este acto constitúe un estímulo para aproximarse á estimable obra e exemplar traxectoria intelectual, literaria e persoal de Xosé María Álvarez Cáccamo.

O meu desexo é que despois deste acto os veciños e veciñas de Vilaboa sintan curiosidade pola súa obra e coñezan este ilustre veciño. Que os nenos e nenas que van medrar, física e culturalmente, observando desde o patio do seu colexio como medra esa moreira branca hoxe plantada, coñezan e axuden a dar a coñecer a obra literaria, pero sobre todo a achega vital e persoal deste gran poeta vilaboés e mellor persoa.

Grazas Pepe; grazas por deixarnos coñecerte, por compartir connosco as túas ideas, as túas iniciativas, a túa obra e a túa vida.

Grazas por querer e sentir esta terra como a túa propia e por ser un veciño máis entre todos nós.

*Ornela Fernández Salgado, Tenente de Alcalde do Concello de Vilaboa
Casa da Cultura de Riomaior, Vilaboa, 6 de xuño de 2015*